

ANTEPROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 25 DE MARZO DE 2020, CONXUNTA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, POLA QUE SE APROBAN OS PREGOS DE CONDICIÓNS AOS CALES SE DEBERÁN SUXEITAR OS APROVEITAMENTOS MADEIREIROS DAS ESPECIES RECOLLIDAS NA DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DA LEI 3/2007, DO 9 DE ABRIL, EN TERREOS SUXEITOS A ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN OU AFECTADOS POLA LEXISLACIÓN DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por Orde do 25 de marzo de 2020, conxunta da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, aprobáronse os pregos de condicións aos cales se deberán suxeitar os aproveitamentos madeireiros das especies recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados pola lexislación de protección do dominio público. (DOG Núm. 64, do 1 de abril de 2020).

O prego de condicións para os terreos que conforman a zona de protección de estradas de titularidade autonómica estableceuse no ANEXO I desa Orde. A información adicional que recolle o anexo inclúe un esquema das limitacións á propiedade reguladas na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

Posteriormente a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas no artigo 20.6, modificou o artigo 40 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, polo que se varía a delimitación da zona de afección que pasa a medirse dende as liñas exteriores do dominio público.

Esta modificación fai necesario modificar o esquema das limitacións á propiedade que figura na parte final do ANEXO I da Orde do 25 de marzo de 2020, co fin de adecualo á actual redacción da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

Por ultimo, modifícase a redacción do punto 7 do ANEXO I, co fin de aclarala e evitar equívocos.

A disposición derradeira primeira da devandita Orde indica no seu apartado 2 que: *"Mediante orde da consellería competente en materia de patrimonio natural, infraestruturas ou augas poderanse modificar, no ámbito das súas respectivas competencias, as cláusulas dos anexos I ao III desta orde, logo de traslado, para o seu coñecemento e implementación nas ferramentas informáticas, ao órgano competente en materia forestal"*.

Por todo iso, e no uso da facultade conferida á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no apartado 8 do artigo 33 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, e no apartado 6 do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de decembro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia,

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Esta Orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de dous mil

A conselleira de Infraestructuras e Mobilidade

Ethel María Vázquez Mourelle